



## UNIVERSIDADE DA CORUÑA

### **INSTRUCCIÓNS DA VICERREITORÍA DE ORGANIZACIÓN ACADÉMICA E TITULACIÓNS PARA A REALIZACIÓN DE EXAMES DE 5ª, 6ª E 7ª CONVOCATORIA.**

O artigo 23 da Normativa Académica de Avaliacións, de Cualificacións e de Reclamacións, aprobada polo Consello de Goberno na sesión celebrada o día dous de xuño de dous mil seis establece:

*"A realización dos exames de 5ª, de 6ª e, de existir, de sucesivas convocatorias levarase a cabo dentro do marco normativo vixente e do procedemento que, dentro das súas competencias, establecer a Xunta de Facultade ou Escola".*

O marco normativo vixente é aquel establecido no Decreto-Lei 9/1975, de 10 de xullo, modificado parcialmente polo Real Decreto-Lei 8/1976, de 18 de xuño.

Aos efectos do prevenido no artigo 23 da Normativa do Consello de Goberno citada, interesa o disposto no artigo Segundo.-Un, do Decreto-Lei 9/1975, modificado polo Real Decreto-Lei 8/1976:

*"La evaluación del rendimiento académico de los alumnos universitarios .../... A tal fin los Estatutos precisarán los siguientes extremos:*

- a) *Procedimiento para establecer el número de convocatorias por asignatura a que tienen derecho los alumnos de cada Centro, dentro de un límite mínimo de cuatro y máximo de seis.*
- b) *Forma en que las Juntas de Gobierno da cada Universidad han de aplicar lo dispuesto en el apartado anterior según los distintos Centros Universitarios y, dentro de éstos, según los diferentes ciclos o cursos.*
- c) *Tipo de enseñanza y sistema de realización de los exámenes correspondientes a las dos últimas convocatorias que puedan establecerse, que tendrán lugar ante Tribunales constituidos por tres profesores numerarios, designados por la Junta de Facultad o Escuela."*

Consonte co exposto e sen prexuízo de que polo órgano da Universidade que corresponda se desenvolva cando proceda o establecido no artigo Segundo.-Un, do Decreto-Lei 9/1975, díctanse as presentes instrucións, ao abeiro do disposto no artigo 38 da Normativa de Xestión Académica 2007-08, aprobada por R.R. de 28 de xuño de 2007, que fixan as normas a seguir para a realización dos exames de 5ª, 6ª e 7ª convocatoria:

**Primeira.-** Os exames correspondentes á 5ª, 6ª e 7ª convocatoria terán lugar ante Tribunais constituidos por tres profesores con vinculación permanente coa Universidade (centros públicos), ou por tres profesores con "venia docendi" concedida polo Consello de Goberno (centros adscritos), designados pola Xunta de cada Facultade ou Escola, ou



## UNIVERSIDADE DA CORUÑA

órgano que corresponda nos centros adscritos, sinalando Presidente, Vocal e Secretario. Este último deberá ser profesor da materia sobre a que se realizará o exame e terá voz e voto.

**Segunda.-** O sistema de realización dos exames e o seu procedemento será o establecido pola Xunta de Facultade ou Escola ao abeiro do disposto no artigo 23 da Normativa de Avaliacións, de Cualificacións e de Reclamacións. Deberá facerse público polos Decanos/Directores dos Centros nos taboleiros de anuncios e por calquera outro medio que asegure a súa publicidade.

**Terceira.-** As convocatorias de exame que se realicen ao abeiro do “Convenio de colaboración en xestión académica entre as Universidades de A Coruña, Santiago de Compostela e Vigo” e ao abeiro dos acordos adoptados pola Xunta de Goberno, sobre “Convocatorias en titulacións únicas no Sistema Universitario de Galicia” e sobre “Convocatoria para alumnos de planos extinguidos”, de datas 26 de febreiro e 26 de novembro de 1998, respectivamente, regularanse polo procedemento aprobado en cada unha delas.

**Final.-** Publíquense as presentes Instrucións en todos os taboleiros de anuncios dos Centros e na páxina web da Universidade da Coruña.

A Coruña, 3 de xuño de 2008.



Ana Dorotea Tarrío Tobar

VICERREITORA DE ORGANIZACIÓN ACADÉMICA E TITULACIÓNS